




CANÓN DO SIL-PANTÓN de Souto a San Cosmede


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 6 (Pombeiro), 16 km cos miradoiros

Dificultade: media

Duración: variable




Unha camiñada de algo máis de 6 km para percorrer un curto tramo do **canón do Sil** polo vello camiño que comunicaba estas localidades, e ir gozando da presenza de numerosos elementos de interese. O primeiro atopámolo ao pouco de empezar a camiñar, é un **hórreo en Cibrisqueiros** que, enriba das súas elevadas pilastras, serve de arco ao camiño; a continuación, mirando atrás, a panorámica das viñas que suben case desde o Sil, ocupando todo o espazo aproveitable, e a **igreja de San Vicente**; logo metémonos entre as árbores mentras o carreiro sube e baixa para ir descubriendo, sobre todo se facemos o percorrido no inverno, cando os fentos están secos e moita da vexetación do mato está sen follas, o inxente traballo que, no pasado, realizaron as xentes da zona para facer deste lugar, hoxe bosque de rebolos, sobreiras e especies da flora mediterránea, salferido de piñeiros e con grandes manchas de mimosas que ocupan sobre todo os espazos máis recentemente abandonados, o verxel que foi e que gozou de tanta sona en tempos pasados: ringleiras de **socalcos** arriba e abaixo do camiño, ducias de **adegas** reducidas a anacos de paredes ou moreas de pedras, a pegada de tempos máis lonxanos na historia nos **sartegos antropomorfos do Preguntoiro**, a increíble obra da natureza no **penedo de Penaveada**, o saber facer e a capacidade de adaptación das persoas ao espazo no que se desenvolvían nos alxibes que recollían a pouca auga que baixa dos cumes de Pena Pombeira na proximidade da aldea abandonada de Penaveada, e a partir de aquí o derradeiro tramo do percorrido para descubrir desde o alto das viñas a localidade de **San Cosmede** un grupo de casas amoreadas mirando ao Sil e ao sol que lle chega desde a mañán ata a última hora do día.

E logo, polo mesmo roteiro a volta ata Cibrisqueiros onde nos desviamos para ver de preto, e con detalle, a igrexa, na que a excelente idea dos restauradores de converter en ventá miradoiro unha das portas laterais permite ter vistas do interior, e dar por rematada a andaina.



Hórreo de Cibrisqueiro



Igrexa de San Vicente de Pombeiro, de finais do século XII e comezos do XIII. Pertencía a un antigo mosteiro beneditino desaparecido no século XV.

COMO CHEGAR

Na estrada de Ourense a Monforte collemos o desvío a Os Peares e pola estrada antiga, pouco despois de cruzar a ponte sobre o Sil hai un desvío á dereita que nos leva a Pombeiro. Cando a estrada chega ás primeiras casas, antes de facer unha curva pechada á esquerda, xa vemos á dereita o indicador da ruta.

Hai roteiros máis completos, circulares, que inclúen este tramo: un de 16 km que fai este percorrido e logo sube ata Lornís, de alí vai aos miradoiros de A Cruz e Pena Pombeira e volve a Pombeiro. E outro de 17 km que percorre este espazo e logo pola beira da estrada baixa á ponte que cruza o Sil, percorre o camiño ata os Peares pola beira ourensá e sube logo a Pombeiro. Aínda que o máis recomendable sería facela en sentido contrario para poder circular pola beira esquerda da estrada levando o río e as paisaxes pola nosa man.



Sartegos do Preguntoiro



Penaveada



Vista do Canón do Sil e o encoro de San Pedro



Fungo costra azul (*Pulcherricium caeruleum*) e lique (*Usnea florida*)



San Cosmede



Sobreiral debaixo de Pena Pombeira

Miradoiros de Pombeiro: A Cruz e Pena Pombeira

Un novo miradoiro, desde a vertente luguesa, sobre o tramo final do canón do Sil cando está a piques de rematar o seu percorrido nos Peares. Desde o que se abranguen amplas panorámicas do relevo da zona desde o monte Meda, ao leste, á serra do Faro, máis alá do canón do Miño, ao noroeste, e as bocarribeiras dos Peares, Pombeiro e San Estevo de Ribas de Sil, a penichaira de Nogueira de Ramuín e o abrupto relevo e os bosques do canón nesa ribeira.

PERCORRIDO

Podemos achegarnos aos miradoiros desde Pombeiro, ou desde Bazal, aos que se chega por desvíos da estrada de Ourense a Monforte, desde Pombeiro polos Peares e desde Bazal por desvío sinalizado na propia estrada, seguindo a estrada ata a capela da Virxe das Neves e alí, seguindo de fronte se se ven desde Bazal ou desviándose á dereita se se sube desde Pombeiro, cando a estrada entra na zona ampla de penichaira atopamos un desvío á dereita, o primeiro, por unha pista de terra cun indicador de madeira que nos sinala os miradoiros. A pista de terra pola que pode circular calquera tipo de vehículo ponnos, en dous quilómetros, ao pé do desvío, á dereita, **ao miradoiro da Cruz** polo que temos que camiñar uns 700 m para gozar dunha fermosa panorámica da área de Pombeiro e a súa contorna. De volta na pista principal, que a partir deste punto xa non está tan ben, hai outros 400 m ao cruce, tamén á dereita e sinalizado, que nos leva, nuns 750 m ao **miradoiro de Pena Pombeira** desde o que parte de Pombeiro queda cuberto da vista pero podemos gozar das amplas panorámicas e de vistas do canón do Sil.


Este pequeno percorrido tamén forma parte dun amplo roteiro circular de 16 km que, saíndo de Pombeiro, vai pola media ladeira ata San Cosmede, sobe pola estrada a Lornís, volve ás pistas de terra para subir aos miradoiros e volve a Pombeiro. Un percorrido no espazo protexido como LIC "Canón do Sil" que se complementa co visita á igrexa románica de San Vicenzo de Pombeiro.



Miradoiro de Pena Pombeira



Pombeiro, o Canón do Sil e Os Peares desde o Miradoiro da Cruz



O monte Meda desde Pena Pombeira



Vista do Canón do Sil desde o miradoiro de Pena Pombeira